

Instituto da Lingua Galega

II.- Léxico infantil axeitado o pra rapaces de seis a nove anos

PREGUNTAMOSLLE entón o Profesor Santamarina: ¿Hai algún traballo especial con que poder contar hoxe en día pra axudar o neno galego a unha maior comprensión e desenvolvemento da nosa lingua?

—Os traballos deste tipo véñennos ocupando fai tempo, pero agora concretamente hai unha realización que é de suma importancia; trátase dun léxico infantil axeitado pra rapaces de seis a nove anos e que xa está confeccionado e esperamos podelo sacar pronto pra que desta forma o neno galego véxase tanto antes beneficiado.

—¿Pode estar o ensino do galego o marxén das realidades da propia comunidade?

—O pulo do ensino na escola —responde don Constantino García— e nos demais centros educativos fará o labor de soste-la norma lingüística e prestixia-la lingua, pro si a conciencia da comunidade non insiste en manté-la lingua a tódolos niveis da fala coloquial, da fala da administración, da fala científica, etc., e permanece nada máis que no plano doméstico, o galego morrera.

Deixamos un pouco así con estas firmes puntualizacións a labor no ensino directa, pra pasar aínda que dentro deste campo, o das publicacións feitas polo Instituto cara a unha axuda didáctica no ensino.

—Aparte das tesinas e das tesis realizadas hai outra labor que acaso somexa unha das máis espectaculares levadas a cabo polo Instituto e que se tratou de métodos de galego 1, 2 e 3, que tiveron gran éxito como no lo demostra as vendas que chegan a trinta e cinco mil.

—¿Que outras publicacións fixeron?

—Aparte destes métodos rexeñados fixemos hastra agora a publicación de tres números da Revista do Instituto "Verba", que con carácter anual recolle artigos de investigación realizados entre o Departamento de Filoloxía Románica e máis o Instituto; nela colaboran investigadores de renome internacional, como por exemplo Carlos P. Otero, Harri Meier, Joseph M. Piel, Lorenzo Rodríguez, Ramón Lorenzo, etcétera. Aisimesmo publicamos uns "anexos" desta revista que hastra o momento fan un total de oito.

DICCIONARIO BASICO

—¿Teñen algún obxectivo concreto estas publicacións?

—Fundamentalmente o dar a coñecer un pouco toda a serie de traballos que se están facendo sobor da lingua galega, desta forma poder chegar a ser o centro da investigación de España e do extranxeiro no estudo lingüístico do galego.

—En canto a outras tarefas de investigación, ¿qué nos pode decir?

—Agora estamos a facer un dicionario básico con catro ou cinco mil palabras recollidas de encuestas entre a xente. Pero acaso un apartado máis fundamental o constituíe o fichero do Tesouro Lexicográfico Galego con materiais recollidos da fala viva mediante enquisas. No ano 1976 añadimos 10.000 novas entradas procedentes dos cuadernos inéditos do filólogo Anibal Otero, e varios miles máis procedentes dos glosarios de algunhas tesis doctorales. Hoxe en día hai recollidas unhas 300.000 fichas que son o resultado do traballo de moitos anos. Agora mesmo con referencia a este tesouro estase facendo o Léxico do Galego vivo que se publicará antes dun ano, e que ven a significar unha primeira mostra destes materiais recollidos.

ATLAS LINGUISTICO

Mismamente pudemos comprobar a magnitude deste tesouro na planta baixa do edificio da Facultá onde está situado, labor que logo venise a completar ca importante e inédita labor en Galicia da confección dun Atlas Lingüístico e Etnográfico.

—A realización deste Atlas xa feito en algunhas rexións como Cataluña, é unha necesidade urxente que estamos acometendo aínda que as dificultades que se atopan son moitas e de diversa índole xa que supón un recorrido completo por toda Galicia.

No mesmo Instituto tivemos oportunidade de falar con Charo Alvarez e Manolo Gonzalez, auténticos protagonistas xuntamente con Paco Fernandez, deste Atlas.

—¿Cándo comenzaron os vosos traballos?

—Exactamente no novembro do 74. Antes xa habiamos elaborado as encuestas que na sua posta en práctica remataron hai pouco.

—¿Os principais problemas que vos encontrastes cales foron?

—Un traballo deste tipo sempre supón dificultades por varias razóns, non se coñece apenas ningún dos pobos, hai problemas de recolleita de palabras, os puntos a recorrer son moitos e non se pode estar todo o tempo que un quixera nun mesmo lugar, etc.

—¿Cántos puntos recorrestes?

—En total foron 171 puntos de Galicia e incluso buscamos datos do galego exterior en zonas de Asturias, León e Zamora.

—¿Os aspectos que reflexades?

—Este é un Atlas Lingüístico e Etnográfico, polo tanto nil vimos a reflexar refráns, palabras, culturas, etc.

—¿Quén axudou económica-mente esta obra?

—Levar a cabo a recolleita de materiais foi posible gracias a axuda económica facilitada pola fundación "Barrié de la Maza", máis outras institucións; pra publicación seguiremos contando con estas axudas xa que o coste económico deste Atlas é bastante elevado.

A publicación máis ou menos próxima deste Atlas Lexicográfico e unha boa noticia pra divulgación e coñecemento da Lingua Galega. Preguntamos outra vez a D. Constantino García.

—¿Con qué xente conta o Instituto asiduamente?

—Non podemos decir que naxa unhas membros fixos; nil colaboran por suposto os Departamentos de Filoloxía Románica, o de Galego, o de Filoloxía Española, algúns membros do de Francés, etcétera. En canto a xente, catedráticos como Ramón de Lorenzo, Carballo Calero; profesores agregados como Guillermo Rojo; adxuntos numéricos como o Prof. Santamarina, Couceiro, e logo outros membros colaboradores como Camilo Flores, Xosé Luis Rodríguez, Taboada, Charo Alvarez, Manolo Gonzalez, Paco Fernandez, etc. O máis importante é que todos somos pra todos Hai que ter en conta que o noso problema, como en todos lados é o de diñeiro.

—¿Que consecuencias deste proceso?

—O galego viviu moitos séculos como lingua exclusivamente falada. De ahí as vacilacións que se atopan en cantos escritores agarraron a pluma, e de os primeiros días da Renascencia hastra hoxe mesmo Por outra banda, hastra hai relativamente pouco tempo --un século máis ou menos-- a presenza do galego era firme, porque a presión do castelán non se exercía máis que nos estratos da

branda polo que están facendo, senón por outros aspectos da Universidade.

—¿Cál é a importancia da lingua nun pobo?

—Toda lingua é un medio de comunicación empregado por un conxunto de persoas xunguidas pola súa situación xeográfica, económica, política, cultural e demais valores espirituais. A importancia é evidente.

—¿Entón, o pobo ha de ser o auténtico sostén da lingua ou hai outros factores externos?

—O sostén do sistema dunha lingua fórmoo a conciencia da comunidade que quere espresá-las súas comunicacións sociais dentro de tal sistema.

—¿Que necesidade hai neste caso de defensa dunha lingua?

—A necesidade de ter uns medios de defensa do propio sistema lingüístico é tan real como a necesidade de medios de defensa do patrimonio artístico e cultural. Hai que ter en conta que non hai linguas inferiores nin superiores a outras, sendo capaz de servir de vehículo ás máis graves discusións da Física nuclear ou Filosofía máis moderna.

—Nembergantes, o galego mantívose alexado dunha práctica, ¿cales foron as causas e as consecuencias deste proceso?

—O galego viviu moitos séculos como lingua exclusivamente falada. De ahí as vacilacións que se atopan en cantos escritores agarraron a pluma, e de os primeiros días da Renascencia hastra hoxe mesmo Por outra banda, hastra hai relativamente pouco tempo --un século máis ou menos-- a presenza do galego era firme, porque a presión do castelán non se exercía máis que nos estratos da

robleza ou da alta burguesía que adoptaban ista lingua como medio de comunicación, entre elas e o galego como instrumento de relación co pobo. A influencia lóxica do castelán no galego resulta hoxe alarmante en algunhas zoas. Todo este derrumbe lóxico podería ser parado si se puxeran ó servizo da lingua galega os remedios de comunicación de masas actuais.

—¿Haberá, non obstante, uns medios de defensa?

—A defensa da lingua está na norma. A norma era e sigue a selo en algunhas partes a fala da corte, pro hoxe está trasladada os medios cultos do país. A norma galega non está representada pola fala de ningunha corte ou cidade senón pola abstracción da fala popular que ven a coincidir coa fala dos medios cultos da rexión. Falando a variedade local cada un pode ver que as diferenzas que ten cos autores literarios ou cos libros de testo pró ensino do galego son moi poucas.

—¿Hai que ser tan pesimista e non pensar nunha recuperación da nosa lingua?

—Evidentemente hai unha recuperación. A entrada do galego nos medios culturais do país deulle unha volta á situación. O prestixio da lingua estase recuperando, e a entrada do galego a tódolos niveis terá que notarse en moi poucos anos nunha recuperación da lingua como medio de comunicación normal en tódalas situacións sociais. Tivémola sorte de ve-lo entusiasmo dos profesores realizando a labor no ensino nos tres ou catro derradeiros anos. Isto fainos ver o futuro con optimismo pra nosa lingua.

JOSE ANTONIO CARIDE
(Fotos M. BLANCO)
(CONTINUARA)



Os profesores Couceiro e Santamarina que levan traballado moito na meirande labouira do Instituto.

eiza aberta

- AMPLIOS COMEDORES
- COCIÑA SELEITA
PERSONAL ESPECIALIZADO
EN BANQUETES, CASOIRO
E REUNIONS SOCIALES

RESTAURANTE

PAMPIN

(A 8 km. de Santiago)

VOSAS ESPECIALIDADES:

LENGUADO PAMPIN

RODABALLO RIAS BAIXAS

MARISCO DE TODAS CLASES